

Autor: SANTOS, M. A. e
TOURIÑÁN, J. M. (Eds.)
Ano: 2004
Título: *Familia, Educación y
Sociedad Civil*
Lugar: Santiago de Compostela
Editorial: USC

Este libro é produto da reunión anual do “Seminario Interuniversitario de Teoría de la Educación” no que profesores de diferentes universidades do estado español e vinculados a área de Teoría da Educación, se reuniron para afondar nun tema monográfico e para mellorar a calidade da docencia e a investigación nesta área. Este XXIII Seminario, que se acaba de celebrar na cidade de Lugo, centrouse no tema “Familia, Educación e Sociedade Civil”.

Entre os diferentes motivos da elección desta proposta de traballo e debate no Seminario, estiveron o que este ano 2004 fose o ano internacional da familia, así como que a Sociedade Civil adquirise cada vez un maior protagonismo. A isto habería que engadir os traballos que os diferentes membros do comité organizador da Universidade de Santiago de Compostela, como universidade organizadora, teñen realizado sobre o tema.

Como expón o presidente do comité organizador na introdución ao libro, o profesor José M. Touriñán, a

proposta que se fixo para o debate fixouse na necesidade de entender que a Familia é o axente, a Educación o obxectivo e a Sociedade Civil o marco no que se integran Familia e Educación, o que fai que nestes momentos a Sociedade Civil poida xogar un papel moi importante no “refuerzo a la Familia de un modo singular y distinto al del Estado para favorecer el papel de los padres en la educación de los hijos” (Santos e Touriñán, 2004, p. 7).

O volume céntrase na nova relación que se está a producir entre familia e educación, na que o sentido da socialización primaria que esta viña realizando está a modificarse radicalmente, ao tempo que se vén experimentando un cambio na educación dos fillos no ámbito familiar. Entre as causas que podemos destacar está a imparable incorporación da muller ao mundo laboral, a diminución do número de fillos, o aumento do número de nenos que viven cun só proxenitor, etc., que provocan que a familia deixe de ter a importancia que adquirira noutras épocas na formación persoal ou noutros

espazos. Aínda que tamén é verdade que é no eido familiar onde se dan os primeiros estímulo para o desenvolvemento persoal dos fillos na maioría dos casos, e é aquí onde os nenos e as nenas empezan a adquirir e a desenvolver as destrezas, habilidades e coñecementos afectivos, intelectuais, psicomotores, morais, sociais, políticos, ambientais e relixiosos.

Pero entendendo a Sociedade Civil, como aquel conxunto de cidadáns dun estado que a través de diferentes organizacións demandan a súa participación e responsabilidade nos asuntos sociais e que na sociedade global reclaman dereitos que van mais aló das fronteiras dun estado. A responsabilidade de facelos respectar xa non depende dun Estado, senón do conxunto da comunidade internacional. Dereitos coma o desenvolvemento estable e sostible dos pobos, o respecto á biodiversidade, a loita contra a contaminación e o requecemento do planeta, o acceso de todos os pobos ao coñecemento e ao progreso científico-tecnolóxico, etc., convértense en dereitos de terceira xeración, que unicamente se poden acadar co consenso da comunidade internacional e co compromiso de todos os estados no seu respecto.

É neste novo contexto nacional e internacional, onde os dereitos se mudan en transnacionais e o desenvolvemento da sociedade da información e a comunicación fan que a sociedade, en xeral, e a familia, en particular, teñan

que modificar as súas formas, feitos e estruturas para a educación das novas xeracións, dos seus fillos.

Dende este contexto, a organización do seminario estableceu, para analizar a nova relación entre Familia, Educación e Sociedade Civil, catro documentos básicos que serían motivo de debate nel. Como veremos, as reflexións fixéronse a partir de catro relatos, elaborados para o seminario, que debían responder a catro perspectivas identificadas, respectivamente, co desenvolvemento cognitivo, os valores, o traballo e os fluxos migratorios. Son estes catro documentos os que constitúen o libro que estamos a comentar, xunto cunha introdución do presidente do comité organizador e unha presentación do Director do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.

Na Introducción expóñense as razóns que, como xa apuntamos, deron lugar á elección temática, facendo, ao mesmo tempo, un percorrido polas claves que nos permiten entender o novo contexto educativo que se está a producir con motivo da globalización e da mundialización dos acontecementos, con fondas repercusións, entre outras cousas, na identidade das persoas, tanto a nivel cultural como político. Neste sentido, dise que é necesario ter en conta nas relacións entre a Familia, a Educación e a Sociedade Civil, novos conceptos como os xa mencionados da globalización e a mundialización, os

dereitos de terceira xeración ou transnacionais, os acontecementos transfronteirizos, a modificación do carácter de territorialidade dos Estados, etc.

O primeiro dos capítulos titúlase “Familia, Educación e desenvolvemento cognitivo”, foi coordinado polo profesor G. Vázquez e nel realízase unha análise da familia como ámbito primario de educación e, xa que logo, como ámbito primeiro de desenvolvemento da intelixencia infantil, tendo moi presente as novas formas de entender o núcleo familiar, que incidirán no desenvolvemento ao ser a familia onde se xera a identidade e a competencia persoal, sen as cales non se pode, en opinión dos autores, construír o proceso educativo. De aí que se centre no establecemento das funcións das familias no desenvolvemento da competencia social a través da educación dos seus membros, pero non só en relación aos nenos e novos, senón tamén aos adultos e maiores que conviven na familia. Tamén é importante destacar un aspecto no que as familias teñen moito que aportar, como é o da participación dos pais no sistema escolar, posto que o dereito á participación é unha garantía da calidade da educación. O capítulo remata coa idea de que cómpre fundamentar un corpo de coñecementos pedagóxicos que dea lugar ao que se denomina Pedagogía Familiar. Isto é, que a familia vertebra a persoa, ao lograr aprendizaxes básicas. É necesario logo construír programas educativos

para as familias que contribúan á mellora dese contexto básico de desenvolvemento persoal, o que require necesariamente do “desarrollo de la pedagogía familiar como ámbito específico de conocimiento pedagógico y como eje de formación académica y pre-profesional de los profesionales de la educación en las universidades” (Santos e Touriñán, 2004, p. 81).

O segundo capítulo “Familia, valores y Sociedad Civil” coordinado polo profesor F. Altarejos, parte por unha banda, da constatación de que na actualidade non se pode falar de familia, senón de familias, para poder incluír as diferentes formas de convivencia coas características e as funcións que ata agora viña desenvolvendo o que tradicionalmente coñeciamos como familia. Por outra parte, subliña a relación entre complexidade familiar, en canto que a compoñen seres humanos libres, e educación, máis concretamente coñecemento da educación, en xeral, e pedagóxico, en particular. A partir destes principios, destaca a importancia que ten o núcleo familiar na transmisión de valores, baseada nunha parte moi importante no tramado de relacións interpersoais que se establecen neste espazo de convivencia. Son estas relacións, en especial entre pais e fillos, as que fan que na familia se desenvolvan os valores. Para edificala débense crear as condicións para: a construción da identidade persoal; o cultivo da autonomía, o diálogo e a apreciación da dife-

rencia; o educar na contrariedade; a implicación en proxectos colectivos; e, a promoción dunha cidadanía responsable e activa. Para isto, é conveniente ter en conta na acción pedagóxica, tres pautas fundamentais: “en primer lugar, al cultivo de la autonomía de la persona, en segundo lugar, a fomentar mediante la práctica que el diálogo es la única forma legítima de abordar los conflictos, y en tercer lugar, a reconocer y apreciar la diferencia, desde la aceptación personal, como un valor” (Santos e Touriñán, 2004, p. 131).

O terceiro dos traballos centrouse no tema “Familia, Traballo e Educación” e foi coordinado polo profesor T. Rodríguez Neira. Partindo das diferentes formas de familia, analízanse as repercusións que as condicións materiais do traballo teñen sobre elas, así como a importancia e a función da educación, tanto nos diferentes momentos evolutivos como na actualidade. O capítulo parte dun estudo, integrado no texto como anexo, no que fai explícito o que os autores entenden por familia, as súas clases e as funcións que desenvolven. Ao igual que toda educación, en xeral, e no seo da familia, en particular, educar para o traballo implica un longo proceso no que se deben ter en conta tres claves: “1º) Nadie puede educar para el trabajo si no adopta una actitud positiva ante lo que significa y lo que representa... 2º) Es imprescindible fomentar sin falacias, facilitar y promover habilidades, las posibilidades internas de cada uno de

los sujetos singulares... 3º) La orientación deber ir encaminada hacia el futuro, hacia las nuevas demandas” (Santos e Touriñán, 2004, p. 168).

No cuarto capítulo “Familia, Educación e fluxos migratorios”, coordinado polo profesor M. A. Santos, amósanse as posibilidades que teñen as familias inmigrantes de integrarse na sociedade. No proceso xoga un papel fundamental a escola e a educación intercultural, que non debe ir dirixida só aos fillos dos inmigrantes, senón a toda a poboación escolar. A análise comparada destas experiencias fíxose a partir de indicadores e subindicadores entre os que podemos destacar: o reagrupamento familiar; a conformación do núcleo familiar, o motivo da inmigración; a escolla do destino; o tempo de residencia en España; o desexo de asentamento; as relacións de amizade; a participación en asociacións, tanto do país de orixe como de asentamento; a transmisión de usos e costumes; de valores; os roles de xénero; a elección de centro educativo; a funcionalidade da escola para o futuro dos seus fillos; as implicacións dos pais nos centros; a satisfacción escolar, etc.

Esta análise comparada leva aos autores a concluír que a educación e a escola xogan un papel moi importante na integración destas familias no seu lugar de emprazamento. Destaca, así mesmo, o papel dos profesores como impulsores desta acción, de xeito que a relación emigrante escola “no sería via-

ble sin el concurso de los profesores, que son los llamados a hacer de la educación intercultural un verdadero proyecto de acción pedagógica” (Santos e Touriñán, 2004, p. 273).

Finalmente engadir, que este libro pode converterse nunha ferramenta importante para a formación dos especialistas da educación, sobre todo naquelas materias que teñen a familia

como eido de estudo e de traballo. Porque volumes coma este apórtannos coñecementos, tanto teóricos como prácticos, para realizar e xustificar intervencións educativas e pedagóxicas, ao mesmo tempo e en todos eles aparece unha ampla e actualizada bibliografía sobre a familia e a educación, en xeral, e sobre cada unha das perspectivas, en particular.

Antonio Rodríguez Martínez
Universidade de Santiago de Compostela

